



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n CP 15320 Teléf.981453116 REL.01150709 CIF P1507100D <https://sede.aspontes.org/openscms/gl/index.html>

Expte. núm. 2024/C004/000002

Ref.: SLR

PROCEDEMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE, DO CONTRATO PRIVADO DO SERVIZO DE “INTERPRETACIÓN ARTÍSTICA DAS ORQUESTRAS PARA AS FESTAS DO CARME E A FRAGA 2024” ACTA DE APERTURA DA DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA EFECTUADA POLO SERVIZO TÉCNICO DEPENDENTE DO ÓRGANO DE CONTRATACIÓN ENCARGADO DA NEGOCIACIÓN

O día 10/07/2023, ás 09:00 horas, no Departamento de Contratación, procedeuse á apertura da documentación administrativa (Sobre A), segundo as previsións contidas no prego de cláusulas administrativas particulares que rexen esta licitación.

Efectúan a apertura Marina Núñez Orjales, secretaria municipal, e Sandra López Rodríguez, administrativa do departamento de contratación.

A esta licitación invitouse a un só licitador, Soto Espectáculos As Pontes, SL, por ter a exclusividade dos grupos a contratar (artigo 168 a) 2º LCSP); a empresa Soto Espectáculos As Pontes, SL presentou a súa oferta e fíxoo dentro do prazo previsto no prego de cláusulas administrativas particulares.

O sobre A contén a seguinte documentación:

- Documentación acreditativa da capacidade de obrar:
 - A escritura con número de protocolo 1086 de data 27/10/2008 na que se constitúe a empresa Soto Espectáculos As Pontes, SL, outorgada ante o notario Ángel Castelló Vicedo; escritura de compravenda de participacións e adopción de acordos sociais do día 04/04/2014, formalizada ante o notario Ángel Castelló Vicedo, co número 350 do seu protocolo. Destas escrituras derívase a capacidade de obrar da empresa (o seu obxecto social é, entre outros, as actividades relacionadas co espectáculo, por tanto representación de artistas, organización e xestión de todo tipo de espectáculos, eventos, congresos e feiras). Tamén se deriva o apoderamento de Diego Soto Lage como administrador único por tempo indefinido da entidade.
 - CIF da empresa (Soto Espectáculos As Pontes, SL). O CIF é B70187034
- Declaración responsable:

A empresa licitadora presenta a declaración responsable segundo o modelo esixido no prego de cláusulas administrativas.
- Documentación acreditativa da solvencia económica e financeira:
 - O licitador achega póliza de seguro de responsabilidade civil cun capital mínimo asegurado de 1 200 000,00 € xunto co recibo de pagamento correspondente.
- Documentación acreditativa da solvencia técnica:
 - O licitador achega unha relación dos principais servizos ou traballos realizados nos últimos tres anos que inclúe importe, datas e os destinatarios, público ou privado, dos mesmos. Os traballos efectuados acredítanse mediante unha declaración responsable do empresario como se recolle no prego.

Á vista da documentación aportada, cúmprese co esixido no PCAP, polo que considérase acreditada a solvencia técnica.
- Obrigas tributarias:
 - O concello comproba que o licitador atopase ao corrente das súas obrigas tributarias estatais, autonómicas, co concello e coa Seguridade Social.



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n CP 15320 Teléf.981453116 REL.01150709 CIF P1507100D <https://sede.aspontes.org/openscms/gl/index.html>

Expte. núm. 2024/C004/000002

Ref.: SLR

De seguido procédese á apertura do sobre B.

A oferta axústase ao modelo previsto no PCAP. A oferta económica é de 185 735,00 euros (IVE incluído). De conformidade co previsto na cláusula 9.3 do PCAP, a valoración da oferta económica é a que segue:

Contrato/concurso: Interpretación artística das orquestras para as festas do Carme e da Fraga 2024

Prezo de licitación: 153 500,00€

Límite oferta temeraria: 147 360,00€

Nº	Nome Empresa	Oferta Económica	Baixa (%)	Puntuación Val. económica	Temeraria	Total
1	Soto Espectáculos As Pontes SL	153 500,00	0,00	0,00	Non	0,00

O licitador aporta o modelo de oferta acompañado de documentación. Proponse remitirle a dita documentación á técnica que redactou o prego de prescricións técnicas, para a emisión dun informe técnico no que se verifique que a dita documentación cumpre coas esixencias do prego, de ser o caso.

Finalmente, remátase o acto de apertura ás 09:20 h, da que se estende esta acta para a súa constancia.

As Pontes de García Rodríguez, 09 de xullo de 2024

A administrativa do Departamento de contratación

A secretaria municipal